

Bases da Campaña polo 8M

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros convoca esta campaña polo Día da Muller, unha convocatoria de ideas dirixida á comunidade educativa do Concello de Oleiros co obxectivo de elaborar material divulgativo co gallo do 8 de marzo.

1. Participantes e categorías

Poderá participar nesta campaña o alumnado de 5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato escolarizado no Concello de Oleiros, de maneira individual, sempre que as súas creacións se axusten ao especificado nestas bases.

Establécense catro categorías:

Categoría 1: 5º e 6º de primaria

Categoría 2: 1º e 2º de ESO

Categoría 3: 3º e 4º de ESO

Categoría 4: 1º e 2º de bacharelato

Escolleranse catro lemas gañadores (un por cada categoría) cos que se elaborarán diferentes materiais (chapas, bolsas de tea ou outro material de difusión) sempre incluíndo o nome e apelidos da persoa creadora. No caso de quedar algunha categoría deserta, poderá elixirse outro lema doutra categoría.

2. Temática e características

A temática versará sobre a igualdade e non discriminación, a vida da muller libre de violencia e sobre rachar o teito de cristal.

Elaboraranse chapas e bolsas cos lemas gañadores e o nome e apelidos da persoa creadora destes, e repartilas tanto entre a comunidade educativa do Concello de Oleiros, como entre a veciñanza.

É importante que a mensaxe sexa directa, clara e concisa, xa que o que se procura é unha idea que poida entenderse rapidamente. O xurado resérvase o dereito de aceptar as obras segundo se axusten ou non á temática formulada. Ademais, as persoas que así o desexen poderán acompañar a súa mensaxe dun deseño, un aspecto que tamén se valorará moi positivamente.

3. Prazos e inscricións

O prazo de inscrición rematará o 10 de febreiro de 2026.

Para participar na campaña deberase cubrir a ficha de participación habilitada nas presentes bases, que tamén estará dispoñible na web do Concello de Oleiros, e presentala vía correo electrónico (lingua@oleiros.org) ou vía correo postal (A Fábrica, rúa do Inglés nº13, CP 15172 Perillo, A Coruña), ou a través dos centros de ensino.

4. Constitución do xurado e fallo

O xurado estará formado por persoal do Concello relacionado coa cultura, a lingua e poderá contar co apoio de persoas especializadas.

Presidenta: concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística

Secretaria: técnica de Normalización Lingüística

Vogais: unha persoa especializada en lingua galega e/ou igualdade

O seu fallo será inapelable e farase público a comezos do mes de marzo.

5. Aceptación das bases

A presentación a este concurso supón a aceptación das presentes bases.

6. Protección de datos

O responsable do tratamento é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos con finalidade de xestionar a súa inscrición e participación no concurso ou certame. Os datos conservaranse mentres sexa necesario para cumprir coa finalidade prevista e durante os prazos de prescrición legal. Os datos non serán cedidos, agás se é necesario para a xestión ou entrega do premio, e salvo obrigação legal. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org. Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia.

Formulario de inscrición na Campaña polo 8M

Categoría á que me presento:

1	2	3	4
☐	☐	☐	☐

Nome e apelidos:

Enderezo:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

Curso e centro educativo:

Lema: